

O fascismo:

1. Contexto histórico

O fascismo foi unha ideoloxía e un movemento político que apareceu en Europa despois da Primeira Guerra Mundial. Desenvolveuse sobre todo en Italia e Alemaña, aínda que tamén existiron grupos semellantes noutros países. Xurdiu nun momento moi complicado, marcado pola pobreza, o paro, a inflación e o medo ás revolucións obreiras. Moitas persoas perderan a confianza na democracia porque pensaban que non era capaz de resolver os problemas, e nese ambiente apareceron os movementos fascistas.

2. Características do fascismo

2.1 Antidemocracia e antiliberalismo

Os fascistas estaban totalmente en contra da democracia liberal e do comunismo. Consideraban que a democracia era un sistema débil porque permitía a existencia de varios partidos e diferentes opinións. Segundo eles, iso dividía a sociedade e impedía a unidade da nación. Por esa razón defendían que só debía existir un partido político que representase a todo o país. Para eles, a liberdade individual non era importante, e o máis importante era obedecer ao Estado e ao líder.

2.2 Totalitarismo

O fascismo era un sistema totalitario, é dicir, o Estado controlaba todos os aspectos da vida das persoas. Non só dominaba a política, senón tamén a economía, a educación, os medios de comunicación, a cultura e mesmo o tempo libre. O partido político e o Estado acababan sendo practicamente o mesmo, e non se permitía criticar ao goberno nin expresar ideas diferentes. A sociedade organizábase de forma piramidal, co líder na parte máis alta.

2.3 Anticomunismo

Outra característica moi importante era o seu anticomunismo. Os fascistas estaban totalmente en contra do marxismo e dos movementos obreiros, porque pensaban que a loita entre ricos e pobres destruía a unidade da nación. Por iso querían eliminar sindicatos e partidos de esquerda, substituíndoos por un sistema chamado corporativismo, no que empresarios e traballadores debían colaborar baixo o control do Estado.

2.4 Militarismo e control social

O militarismo tamén foi unha das bases do fascismo. Admiraban o exército e pensaban que toda a sociedade debía funcionar como unha organización militar, baseada na disciplina, a obediencia e a xerarquía. A propaganda exaltaba a violencia, o sacrificio e a guerra. Tamén se daba moita importancia á mocidade e á forza física. Os homes eran presentados como guerreiros, mentres que as mulleres tiñan un papel secundario, centrado na familia.

2.5 Nacionalismo e líder

O fascismo defendía un nacionalismo extremo. A nación era o máis importante, e o individuo debía sacrificarse por ela. Ademais, todos os réximes fascistas tiñan un líder con poder absoluto, presentado como unha figura perfecta e salvadora. A poboación debía obedecelo sen cuestionar as súas decisións.

3. Racismo e xenocidio

Un dos aspectos máis terribles do nazismo foi o racismo. Os nazis pensaban que existían razas superiores e inferiores, sendo a aria a mellor. Consideraban inferiores a xudeus, xitanos, eslavos e outros grupos.

En 1935 aprobáronse as Leis de Núremberg, que quitaban dereitos aos xudeus. Durante a Segunda Guerra Mundial, o réxime nazi puxo en marcha a “Solución Final”, un plan para exterminar aos xudeus de Europa. Millóns de persoas foron levadas a campos de concentración e exterminio.

No Holocausto morreron máis de seis millóns de xudeus, máis dun millón de xitanos e miles de persoas perseguidas por motivos políticos ou sociais.

4. O fascismo italiano.

4.1 Orixes

Italia saíu da Primeira Guerra Mundial moi descontenta e cunha grave crise económica. Había paro, inflación e protestas sociais. Os empresarios temían unha revolución comunista.

Neste contexto apareceu Benito Mussolini, que fundou un movemento fascista violento. En 1922 organizou a Marcha sobre Roma e foi nomeado presidente do goberno polo rei.

4.2 A ditadura

Mussolini foi eliminando pouco a pouco a democracia. Prohibiu os partidos políticos, controlou a prensa e creou unha policía política. Tamén educou á mocidade segundo a ideoloxía fascista.

Na economía intentou facer a Italia autosuficiente e reforzou o exército. Tamén levou a cabo unha política expansionista, conquistando territorios como Etiopía.

4.3 Caída

Italia aliouse con Alemaña na Segunda Guerra Mundial, pero sufriu derrotas. En 1943 Mussolini foi destituído e en 1945 foi executado.

5. O nazismo alemán.

5.1 Causas

Alemaña quedou moi afectada despois da Primeira Guerra Mundial. O Tratado de Versalles de 1919 obrigouna a perder territorios, colonias e moito diñeiro. Ademais, Alemaña foi considerada culpable da guerra e tivo que pagar

enormes indemnizacións aos países vencedores. Moitos alemáns sentiron que aquilo era unha humillación.

Ao mesmo tempo, o país sufría unha grave crise económica. Había moito paro, pobreza e inestabilidade política. En 1923 produciuse unha hiperinflación moi forte. Os prezos subían continuamente e a moeda alemá perdeu todo o seu valor. A xente necesitaba maletas cheas de billetes para comprar produtos básicos como pan.

A República de Weimar, o goberno democrático que existía en Alemaña, era moi débil. Había moitas discusións entre partidos e tamén grupos violentos nas rúas. Por unha banda estaban os comunistas, que querían facer unha revolución semellante á de Rusia. Pola outra, había grupos nacionalistas e de extrema dereita que querían acabar coa democracia.

Neste contexto apareceu Adolf Hitler, un antigo soldado da Primeira Guerra Mundial. Hitler entrou no Partido Nazi e axiña converteuse no seu líder. Defendía ideas nacionalistas, racistas e anticomunistas. En 1923 intentou dar un golpe de Estado en Múnic, coñecido como o Putsch da Cervexaría, pero fracasou e foi ao cárcere.

Durante ese tempo escribiu o libro *Mein Kampf* (“A miña loita”). Nel explicou as súas ideas: Alemaña debía recuperar o seu orgullo, eliminar aos inimigos da nación e conquistar novos territorios. Tamén defendía que os xudeus eran os culpables dos problemas do país.

5.2 A chegada de Hitler ao poder

A crise económica de 1929 fixo aumentar aínda máis o paro e a pobreza. Moitas persoas deixaron de confiar na democracia e comezaron a apoiar aos nazis. Os empresarios e os grupos conservadores tamén apoiaron a Hitler porque pensaban que podía frear aos comunistas.

Nas eleccións, o Partido Nazi foi conseguindo cada vez máis votos. En xaneiro de 1933, o presidente Hindenburg nomeou a Hitler chanceler.

Pouco despois produciuse o incendio do Reichstag, o Parlamento alemán. Os nazis acusaron aos comunistas de ser os responsables, aínda que moitos historiadores pensan que foi unha escusa preparada polos propios nazis.

Aproveitando esta situación, Hitler eliminou as liberdades, prohibiu os partidos de esquerda e perseguíu aos seus inimigos.

En poucos meses converteuse no líder absoluto de Alemaña. A democracia desapareceu e comezou o III Reich.

5.3 A ditadura nazi

O réxime nazi controlou completamente a sociedade. O Estado e o Partido Nazi convertéronse practicamente no mesmo. Fóra do partido non se podía participar na vida política.

Creouse a Gestapo, que era a policía secreta encargada de perseguir ás persoas que se opoñían ao réxime. Tamén existían as SS, un grupo moi poderoso e violento que controlaba os campos de concentración e protexía a Hitler.

A propaganda foi moi importante. O ministro Joseph Goebbels utilizou a radio, os xornais, os carteis e o cine para convencer á poboación. Hitler era presentado como un líder perfecto, capaz de salvar a Alemaña. A xente escoitaba os seus discursos e vía continuamente a súa imaxe.

Os nenos e os mozos tamén eran educados segundo as ideas nazis. As Xuventudes Hitlerianas ensinábanlles a obedecer ao Führer, a amar a Alemaña e a prepararse para a guerra. As rapazas eran educadas para converterse en nais e coidar da familia.

Na economía, Hitler intentou acabar co paro construíndo estradas, fábricas e obras públicas. Tamén aumentou moito a fabricación de armas e soldados, porque quería preparar ao país para a guerra. Desta maneira Alemaña rompeu as normas do Tratado de Versalles.

Ao mesmo tempo, o réxime nazi aprobou leis racistas. En 1935 apareceron as Leis de Núremberg, que quitaban dereitos aos xudeus. Non podían casar con persoas alemás nin traballar en determinados empregos.

En 1938 produciuse a Noite dos Cristais Rotos. Durante esa noite, os nazis atacaron tendas, casas e sinagogas xudías. Miles de xudeus foron detidos e enviados a campos de concentración.

5.4 A expansión de Alemaña

Hitler quería crear un gran imperio alemán, chamado III Reich. Para iso defendía a idea do “espazo vital”, segundo a cal Alemaña necesitaba conquistar novos territorios.

En 1938 Alemaña anexionou Austria. Ese mesmo ano tamén ocupou os Sudetes, unha rexión de Checoslovaquia. Pouco despois invadiu o resto do país.

En agosto de 1939 Alemaña asinou un pacto coa Unión Soviética para non atacarse mutuamente. Pouco despois, o 1 de setembro de 1939, Hitler invadiu Polonia. Gran Bretaña e Francia responderon declarando a guerra a Alemaña. Así comezou a Segunda Guerra Mundial.

6. A Segunda Guerra Mundial.

Hitler iniciou unha política expansionista para crear un “espazo vital”. En 1939 invadiu Polonia, o que provocou o inicio da Segunda Guerra Mundial.

Ao principio Alemaña conseguiu vitorias, pero a partir de 1942 comezou a perder. En 1945 Hitler suicidouse e Alemaña rendeuse.

7. Conclusión

O fascismo foi unha ideoloxía baseada no autoritarismo, na violencia e na falta de liberdade. Provocou guerras e millóns de mortes. A súa historia mostra a importancia de defender a democracia, a igualdade e os dereitos humanos.



1. Define coas túas palabras que é o fascismo e explica dúas das súas características principais.
2. Fai un pequeno resumo (5-6 liñas) das causas que favoreceron a aparición do nazismo en Alemaña.
3. **Pregunta tipo test: Que acontecemento permitiu a Hitler eliminar as liberdades e perseguir aos seus inimigos políticos?**
 - a) A Marcha sobre Roma
 - b) A Noite dos Cristais Rotos
 - c) O incendio do Reichstag
 - d) O Tratado de Versalles
4. **Verdadeiro ou falso. Indica se as seguintes afirmacións son correctas e corríxeas se son falsas:**

O fascismo defendía a existencia de varios partidos políticos_____

Mussolini chegou ao poder despois da Marcha sobre Roma_____

As Leis de Núremberg deron máis dereitos aos xudeus_____

A Gestapo era a policía secreta do réxime nazi_____

5. Explica que significaba o “espazo vital” para Hitler e como influíu no inicio da Segunda Guerra Mundial.
6. **Pregunta de reflexión persoal: Por que cres que moitas persoas apoiaron aos fascistas e aos nazis, aínda que defendían a violencia e a falta de liberdade?**

7. Completa a seguinte táboa indicando a quen corresponde cada elemento:

Elemento	Italia fascista ou Alemaña nazi
Benito Mussolini	
Adolf Hitler	
Marcha sobre Roma	
Gestapo	
Noite dos Cristais Rotos	
Camisas negras	

8. Pregunta de reflexión persoal: Que podemos aprender hoxe da historia do fascismo e do nazismo? Razona a resposta.